

APITURISMO XACOBEO 2021 - Presentación o 22 de outubro en Santiago

AGA está realizando este ano o proxecto Apiturismo Xacobeo 2021, financiado polo programa O Teu Xacobeo da Xunta de Galicia, co obxectivo de poñer en valor as alvarizas, construcións apícolas tradicionais de Galicia realizadas en pedra seca, un tipo de construción común dalgunhas rexións de Europa, que foi declarada recentemente «patrimonio inmaterial da Humanidade» pola UNESCO. Dende AGA estamos elaborando unha serie de materiais co fin de difundir a nosa apicultura polo mundo, especialmente de cara a celebración do Xacobeo 2021, e atraer visitantes á nosa oferta de apiturismo. Para iso, realizamos unha publicación sobre o apiturismo en Galicia, que será distribuída a nivel internacional e inclúe reportaxes fotográficas das apiculturas tradicionais máis representativas do noso país, a tradición cereira e os nosos meles. Ademais, preparamos un vídeo promocional con espectaculares imaxes aéreas da apicultura tradicional e paisaxes de Galicia e unha exposición fotográfica, con parte das imaxes recollidas durante o proxecto.

O vindeiro 22 de outubro en Santiago de Compostela, ás 11 h. na Galería Sargadelos, faremos a presentación do proxecto, cunha charla sobre apiturismo, presentación da publicación, proxección do vídeo e inauguración da exposición fotográfica, que estará aberta ó público ata o día 31 de outubro.

PARTICIPA NO CONCURSO DE MELES 5 ESTRELAS

O prazo para o envío de mostras para participar no Concurso de Mel 5 Estrelas remata o día 1 de novembro. O concurso, organizado por AGA, premiará con selos 5 estrelas ós meles gañadores nas diferentes categorías: multifloral e monoflorais de eucalipto, queiroga, silva, castiñeiro e melato. A inscrición para os socios e socias de AGA é gratuita, agás penalizacións, e para non socios ten un custe de 30 €. O panel de cata reunirse o 23 de novembro e os premios entregaranse o día 30 de novembro ás 12 h. no Enredo do Abelleiro, mediante un acto aberto ó público do que informaremos a través da web. Os meles que acaden a máxima puntuación recibirán un diploma acreditativo e os selos 5 estrelas para colocar nos envases destinados á venda. Ademais, serán enviados por AGA a concursos de meles nacionais e internacionais. Consultar as bases do concurso na web ou no Correo Apícola Verán 2019.

PREZOS LABORATORIO MELES DE AGA

Xa está en funcionamento o laboratorio de AGA, que este ano ofrece a prezos especiais ós seus servizos ós socios e socias. A análise da primeira mostra é de balde, incluíndo HMF e humidade, e en caso de solicitar a polínica e conductividade, se o resultado é monofloral será tamén de balde, se non terá un custe de 15 €. O prezo a partir da segunda mostra será de 5 € para HMF e humidade e 15 € para análise polínica e condutividade. As mostras deben enviarse a AGA xunto coa ficha de solicitude antes do 1 de novembro e os resultados entregaranse entre o 15 de outubro e o 15 de novembro, en función da orde de chegada. A ficha de solicitude para solicitar a analítica está dispoñible na web de AGA e no Correo Apícola Verán 2019.

FEIRAS DO MEL NO OUTONO

31ª Feira do Mel Ortegal, 9 e 10 de novembro en Ortigueira

Organiza DAGA Ortegal. Máis información e inscricións expositores: agaortegal@yahoo.es / 680 277 031

II Apisalnés, 23 e 24 de novembro en Vilagarcía de Arousa

Organiza DAGA Salnés. A participación como expositor na feira ten un custe de 50 €. Máis información e inscricións expositores: dagasalnes@gmail.com / 637 323 904

XORNADA DE CAMPO: APICULTURA E FRUTICULTURA

A Estrada, 16 de novembro de 11 h. a 18 h.

Formación práctica sobre a produción de mazás e kiwis en combinación coa apicultura. Inclúe a visita ós apicultores Isra Ferrero e Martín Cañedo, produtor de mazá López Pampín, finca con produción de kiwis e o lugar de sidra A Peroja.

Participantes: Só para socios/as, mínimo 15 e máximo 25, con prioridade para os participantes na xornada da EGA "Apicultura e fruticultura" do 11/05/19

Prezo: 10 € e de balde para os participantes na xornada na EGA o día 11/05/19

Inscripcións: Ata o 12 de novembro. Enviar a ficha de inscrición (dispoñible na web ou solicitar a AGA) xunto co xustificante de pagamento a info@apiculturagalega.es ou por carta a AGA Feira Nova s/n 15819 Santa María Arzúa

CONCESIÓN PLAN APÍCOLA 2019

Este ano AGA recibiu a subvención do Plan Apícola por un total de 219.149,67 €, que nos ingresará a Xunta a mediados do mes de outubro. O importe repártese do seguinte xeito: 48.000 € para o contrato dos veterinarios (o 80 % do seu gasto), 108.969,29 € para os tratamentos da varroa (o 80 % do seu gasto), 29.326,90 € para o alimento (o 50 % do seu gasto), 10.313,08 € para a cera (o 50% do seu gasto) e 22.5410,40 € para o seguro (o 49% do seu gasto).

Devolución do alimento e cera. Ós socios e socias que solicitaron o material devolveráselle o importe correspondente por transferencia bancaria a partir do mes de novembro e enviaremoslle a factura a aqueles que a soliciten. A compra dos tratamentos da varroa xa se fixo a prezo subvencionado, polo que xa non se devolverá nada.

Devolución do seguro. Este ano tamén concederon subvención para o seguro, pero dende a Consellería de Medio Rural comunicáronnos recentemente que só se subvenciona os seguros feitos a través da póliza de AGA, porque foi AGA a que recibiu a subvención e ten que ser AGA quen fixera o pago. Nós non tiñamos esta información previamente, o cal foi un erro por parte da Xunta, pois solicitouse a subvención do seguro tanto para os que o fixeron por AGA como por conta propia. Aínda que concederon nun principio o importe total, agora comunicaron que non pode entrar todo o solicitado. Polo tanto, decidimos repartir o total da subvención do seguro entre tódolos solicitantes, os que teñen o seguro feito en AGA e os que non, co cal queda unha subvención do 40% no seguro para todos igual. A devolución farase xunto coa cera e o alimento para os que teñan máis de 50 colmeas. Ós socios e socias con menos colmeas e que teñan a cota domiciliada, descontarémollos no pago da cota do 2020. Os que non teñan domiciliación da cota, terán que solicitar a devolución en efectivo.

PLAN APÍCOLA 2020

De cara á próxima convocatoria do Plan Apícola 2020, informamos que só entrará na subvención o material adquirido ou solicitado en AGA a partir do Día do Apicultor do ano que ven, que terá lugar en Arzúa no mes de febreiro. Aconsellamos polo tanto ós socios e socias que soliciten en cada convocatoria o material que precisades para todo o ano. En canto ó seguro, lembramos que quen queira solicitar a subvención a través de AGA, terá que suscribir o seguro na póliza colectiva de AGA.

MÁIS INFORMACIÓN

Asociación Galega de Apicultura

Feira Nova s/n 15819 Santa María - Arzúa

www.apiculturagalega.es/ info@apiculturagalega.es

Tel. 981 508 142 / 630 069 637